

**RESOLUCIÓN do 3 de xuño de 2019, do tribunal de selección designado para xulgar o proceso selectivo para a cobertura de postos de auxiliares de policía local**

Na sesión que tivo lugar o día 3 de xuño de 2019, o tribunal nomeado pola Orde do 15 de abril de 2019 (DOG núm. 86, do 7 de maio) designado para xulgar o proceso selectivo unitario para a cobertura de 149 postos de auxiliares de policía local, de conformidade co disposto nas bases da convocatoria,

**ACORDOU:**

**Primeiro.** Desestimar na súa totalidade as reclamacións e alegacións presentadas as cuestións obxecto da proba de coñecementos.

**Segundo.** Publicar, conforme ao establecido na base 9.1 a listaxe das persoas que superaron o proceso selectivo con dereito a un posto de auxiliar de policía local, como anexo I a esta resolución e a listaxe de reserva deste proceso selectivo como anexo II.

**Terceiro.** Informar que segundo o establecido na base 7.8, a puntuación das persoas aspirantes veu determinada pola puntuación do segundo exercicio (proba de coñecementos), nos casos de empate dirimíronse como a continuación se indica:


- 1º. A favor da muller (artigo 49 do decreto 2/2015, do 12 de febreiro)
- 2º. Menor tempo acadado na proba de 1000 metros lisos, aplicándose en función dos tramos de idade e sexo previstos nos correspondentes baremos.

**Cuarto.** De acordo co disposto na base 7.9 da convocatoria, as persoas aspirantes poderán presentar as alegacións que consideren oportunas con relación ás puntuacións no prazo de 2 días hábiles contados dende o seguinte aos da súa publicación.

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2019

Juan Carlos Carballal Paradela

Presidente do tribunal

A handwritten signature in black ink, appearing to read "Juan Carlos Carballal Paradela Presidente do tribunal". The signature is enclosed within a large, roughly drawn oval.